

SONHAMOS

CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

PROPOSTA DIDÁCTICA

O **30 de outubro** será o **110 aniversario** do nacemento de **D. Ricardo Carvalho Calero (191-1990)**, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano 2020.

Co **obxectivo** de sumarnos a dita homenaxe, propoñeremos en diferentes aulas a realización dun **vídeo musical** para participar nun certame no que poderán participar outros grupos do centro educativo.

Traballaremos, de xeito holístico e creativo:

- A figura de D. Ricardo, achegándonos ao reintegracionismo.
- A letra do tema e o poema orixinal de Carvalho Calero.
- A **forma musical** (partes e frases musicais).
- Os niveis do ritmo: pulso e acento en compás de 4/4.
- Destrezas básicas para comezar a usar a **Aula Virtual** e os ordenadores na clase de música.

Actividades:

0. Avaliación das ideas previas do alumnado.
1. Lectura da letra de '**Sonho de Catarina**' (**A banda da Loba**).
2. Identificación da forma musical.
3. Análise da letra: contido, ortografía e comparación co poema orixinal.
4. Creación das imaxes para o vídeo.
5. Montaxe do vídeo.

SONHAMOS



CERTAME DE VÍDEOS MUSICAIS

ACTIVIDADE 2: A FORMA MUSICAL

INTRO - A - A' - B - C - INTERLUDIO - A' - B' - D - B - C - C'

ACTIVIDADE 4: AS IMAXES

Dende a aula virtual podemos proporcionar ao alumnado as seguintes **imaxes** (ou outras) para que as coloreen facilmente cos ordenadores.



ACTIVIDADE 5: O VÍDEO

Empregando un programa de edición de vídeo ao que engadimos o **audio** do tema e as imaxes creadas polo alumnado, podemos crear o noso vídeo musical. Un exemplo: https://youtu.be/elx3fnQ_EJw